

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 5 DE XANEIRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día cinco de xaneiro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta.

Non asisten e presentan escusa don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, dos borradores da acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 23 de decembro de 2020 e da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 29 de decembro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 23 de decembro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 29 de decembro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. (Boletín Oficial do Estado número 341, do 31 de decembro de 2020).

- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación das bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o

mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2021. (Boletín Oficial da Provincia número 225, do 31 de decembro de 2020).

- Anuncio do Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Provinciais da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación da modificación das bases reguladoras do POS+2021 para modificar as bases 7 e 9 para regular a utilización do contrato menor nas obras incluídas no Plan, e a base 12 para ampliación do obxecto do POS+Adicional1/2021 para gastos sociais extraordinarios. (Boletín Oficial da Provincia número 225, do 31 de decembro de 2020).

- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación das bases reguladoras do programa FOAI/2021 de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento do persoal técnico ou axentes de igualdade no ano 2021. (Boletín Oficial da Provincia número 225, do 31 de decembro de 2020).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 23 ao 29 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 2058/2020 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Socioeconómico número 2090/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2058/2020	23-12-2020	Convocatoria e bases de concurso para a selección dun/ha bibliotecario/a-arquiveiro/a e elaboración de lista de candidatos para nomeamentos de bibliotecarios/as-arquiveiros/as interinos/as
2057/2020	23-12-2020	Resolución remisión expediente Procedemento Abreviado 0000208 /2020-C al Contencioso Administrativo Nº-2 A Coruña
2056/2020	23-12-2020	Recurso de reposición pola legalización da edificación do pavillón polideportivo de Anceis
2055/2020	23-12-2020	Celebración voda civil día 9 de xaneiro de 2021 ás 13,30 horas
2054/2020	23-12-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 23 de decembro de 2020
2053/2020	23-12-2020	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de decembro de 2020, con carácter supletorio da correspondente ao día 31 de decembro de 2020
2052/2020	23-12-2020	Avocación de competencias do sétimo tenente de alcalde don Diego Alcantarilla Rei dende o día 4 ao 11 de xaneiro de 2021, ambos os dous incluídos.
2051/2020	23-12-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 29 de decembro de 2020
2050/2020	23-12-2020	Aprobación da segunda achega do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a asociación Sementeira Cambre para a promoción musical no 2020
2059/2020	24-12-2020	Facturas suspensivo
2060/2020	24-12-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 114.679,64 euros
2061/2020	24-12-2020	Aprobación de facturas por importe de 68.219,12 euros



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2062/2020	24-12-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 49.426,91 euros
2063/2020	26-12-2020	Expediente de transferencia de crédito núm. 20/2020. Taxa servizo de recadación
2064/2020	28-12-2020	Aprobación de taxa polo servizo de recadación dos ingresos municipais resultante do avance da liquidación do exercicio 2020
2065/2020	28-12-2020	Aprobación da acreditación do destino dos fondos recibidos convenio de promoción do fútbol 2018
2066/2020	28-12-2020	Avocación de competencias do cuarto tenente de alcalde don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dende o día 23 de decembro de 2020 ao 7 de xaneiro de 2021, ambos os dous incluídos
2067/2020	28-12-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 13.703,85 euros
2068/2020	28-12-2020	Proposta de pagamento en execución de sentenza recaída no Procedemento ordinario 50/2017 (NIG: 15030 45 3 2017 0000190) - Execución de Títulos Xudiciais 7/2020, seguido ante o Xulgado contencioso administrativo núm. 3 (Recurrente: IDOM - Arnáiz UTE) -PAGO DE XUROS
2069/2020	28-12-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 2.759,47 euros
2070/2020	28-12-2020	Aprobación bases sorteo especial Reis Magos / Nadal 2020/2021
2071/2020	28-12-2020	Autorización solicitude Comisión de Servizos de dona Isabel María Fuentes Torices na Deputación de Lugo
2072/2020	28-12-2020	Contrato menor CPUS + Monitores + Discos SDD+ Memoria + Cables
2073/2020	28-12-2020	Licenza de primeira ocupación para o loft sito na rúa Curros Enriquez, Expediente 2014/u008/000061
2074/2020	28-12-2020	Licenza de primeira ocupación para catro lofts sitios na rúa Curros Enriquez. Expediente 2014/u008/000062
2075/2020	28-12-2020	Comunicación cese no posto de coordinador deportivo de don José Amando Pena Vila de acordo coa súa solicitude
2076/2020	29-12-2020	Aprobación de certificación correspondente á obra REMODELACIÓN DA PRAZA EUROPA EN CAMBRE (FASE II), e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe total de 63.870,52 euros, así como o seu pagamento.
2077/2020	29-12-2020	Aprobación de certificacións correspondentes á obra OBRA DE DRENAJE TRANSVERSAL (ODT) EN CAMINO 392 SOBRE EL RÍO BREXA A SU PASO POR SAN PAIO, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 47.923,91 euros, así como o seu pagamento.
2078/2020	29-12-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 166.935,66 €
2079/2020	29-12-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total 47.097,15 euros
2080/2020	29-12-2020	Autorizar o cambio de titularidade da licenza de vao permanente para o acceso ao garaxe do edificio sito na rúa Graduil, parroquia de Cambre, a prol da comunidade de propietarios
2081/2020	29-12-2020	Autorizar o cambio de titularidade do vao permanente situado na estrada da Estación, parroquia de Cambre, a prol de OVL



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2082/2020	29-12-2020	Licenza de segregación e parcelación de finca sita en Barral, de 2.522 m ² en cuatro parcelas de 1.023 m ² , 821,64 m ² , 620 m ² y 57,36 ²
2083/2020	29-12-2020	Expediente de transferencia de crédito núm. 21/2020. Subvencións nominativas cultura e deportes
2084/2020	29-12-2020	Achega 2019 / 2020- Plan de transporte metropolitano de Galicia na área da Coruña
2085/2020	29-12-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 14.153,33 €
2086/2020	29-12-2020	Aprobación de certificación da obra PASO DE NUTRIAS BAJO LA AC-221 EN EL EMBALSE DE CECEBRE e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas emitidas, con reparos por importe total de 14.341,77 euros
2087/2020	29-12-2020	Aprobación da acreditación do destino dos fondos recibidos con cargo ao convenio de promoción do ciclismo durante o ano 2019
2088/2020	29-12-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 9.342,52 €
2089/2020	29-12-2020	Aprobación da xustificación e proposta de pagamento das subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2019. Cultura
2090/2020	29-12-2020	Relación de empresas admitidas para participar no XII Concurso de escaparates de Nadal 2020 e nomeamento de membros do xurado

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co seguinte asunto:

- Proposta de prórroga na execución da obra "Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo de O Temple", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 Expediente: 2019/C003/000003

sendo aprobada a urxencia da totalidade da proposta por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

Único.- Proposta de prórroga na execución da obra "Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo de O Temple", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 Expediente: 2019/C003/000003

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 4 de xaneiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data 12 de agosto de 2020 formalizouse o contrato administrativo para a execución da obra "Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo de O Temple", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019.

Con data 29 de setembro de 2019 a Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Seguridade e Saúde, o Plan de Xestión de Residuos así como o Programa de Traballo, segundo establece a cláusula 18.3 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o presente contrato.

Tendo en conta que o prazo de execución previsto para a obra, e fixado no contrato, é de catro meses, que comezarán a contar desde o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, que foi asinada o día 11 de setembro de 2020.

Vista a solicitude de prórroga presentada pola empresa adxudicataria *Excavaciones y Obras Candal, S.L.*, con data 22 de decembro e número de rexistro de entrada 202099900005379, na que expón que dende a sinatura da acta de replanteo resultou inviable rematar a obra debido a condicionantes meteorolóxicos e problemas de subministración de materiais.

Tendo en conta o disposto na cláusula 32 do prego de cláusulas administrativas particulares, que establece a posibilidade de prórroga debido ao retraso na execución producido por motivos non imputables ao contratista, se éste se ofrece a cumprir o seu compromiso na prórroga de tempo que lle sinale o órgano de contratación.

Visto, o informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, con data do 23 de decembro de 2020, no que considera xustificadas os motivos alegados pola empresa e propón que se conceda prórroga dun mes, quedando establecida a data de finalización da obra o 29 de febreiro de 2021.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Acordar a prórroga dun mes, ata o 29 de febreiro de 2021, na execución da obra "Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo de O Temple", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 Expediente 2019/C003/000003.

Segundo: Notificar á empresa adxudicataria e á coordinadora de seguridade e saúde, facéndolles saber que, por se tratar dun acto de trámite, non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Terceiro: Notificar á responsable do contrato, e á técnica de xestión de Administración xeral, para os efectos oportunos"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia